

Autopoética do neno que escribía nos vidros embazados

Xavier QUEIPO

Hei confesar que nunca se me deu ben esta parte do choio, a de falar de min. Hei confesar tamén, que unha das eivas máis grandes que recoñezo nestes tempos que corren é a de non ser quen de vender mellor o meu produto (en definitiva trátase diso, nonsí?). Pero como por covarde tampouco me teño, veña e imos ao asunto por ver que dá. Se cadra para non me complicar moito a vida vou tratar de responder a algunhas preguntas que me incomodan particularmente, e ter a esperanza, así, de que, cando menos os que isto lean, non mas fagan máis. As preguntas son canónicas e porén, básicas e concréntanse en Que?, Por que?, Como?, Cando?, Onde? Para que?, e Para quen?

1. **Que?** A resposta semella ben simple, pois non hai máis que percorrer unha desas fichas que circulan na rede onde se explicitan un a un os libros que fun publicando dende decembro do 1990 no que apareceu *Ártico* até *O espello e o dragón*, que saíu do prelo na fin de febreiro do 2005 e é, porén, o último dos publicados. Na lista pódense atopar libros de relatos (*Ártico*, *Ringside*, *O ladrón de esperma*, *Os ciclos do bambú*), novelas (*O Paso do Noroeste*, *Malaria Sentimental*, *Papaventos*), diarios (*Diarios dun nómada*) libros de ensaio científico-literario (*Contornos*, *Mundiños*, *Manual de Instruccións*), poesía (*Nos dominios de Leviatán*, *Glosarios*) e literatura infantil (*O espello e o dragón*). Quedan fóra da lista, para non semellar prolixo, aqueles libros colectivos onde fun chamado a colaborar arredor de temas, ideas ou solidariedades diversas, e as dúcias de artigos de opinión recollidos en diarios, revistas e páxinas web (un non ten vergoña e fala do que sabe e do que non, expresando as ideas que se pasan pola cabeciña, con resultados brillantes ou ruíns segundo os puntos de vista de cadaquén). Ficcionista, dixeran. Non sei. Hai

unha liña sutil e esvaecente que separa a realidade da ficción do mesmo xeito ca se fosen dous gases, os dous expandéndose nun volume pechado, mesturándose ata que é imposible saber onde está un e onde está o outro.

2. **Por que?** A verdade é que escribo polo mesmo que o fan todos os meus colegas, para satisfacer o ego (moitos non o dirán nunca, pero desconfien deles, son, con certeza uns mentireiros). Do que si estou seguro é de que non escribo para facer país nin para salvar a lingua, nin para dignificala, nin para calquera outra forma de salvar a patria. Ningún comisario político me vai dicir dende unha cátedra (aínda que tanto lles gusta, poverinos, que por algo chegaron a esa posición de orgasmo académico) se teño que escribir un romance ou un ensaio, unha colección de contos ou uns poemas épicos. Ninguén me vai dictar os temas dos que teño que falar e daqueles dos que non, ninguén, *je espere*, me vai insinuar un camiño, unha progresión canónica, unha *vie royale* cara ao destino de escritor orgánico. A miña patria non é a miña lingua pois teño dúas por nacemento, unha única na que fun educado, outras que estudiei a peito ou contrafeito, varias nas que fun amado, outras que adoptei voluntaria ou forzosamente (o exilio ten, entre outras características, a de permitir submerxermonos noutras culturas e noutras linguas), e outras máis que espero visitar (ilusión ou desatino) nos anos que me queden de vida. Escribo, se cadra, porque andei moito mundo dentro e fóra de min, porque os meus puntos cardinais son cinco coma os sentidos, ou talvez sete coma os sete mares, ou tres coma no espazo euclidiano, ou unha Fita de Moebius con dúas caras infinitas por onde camiñan angustiadas as formigas de Escher.

3. **Como?** Comecei escribindo a man, nos vidros embazados da sala de xogos na Rúa do Preguntoiro, no casco antigo de Compostela. Xa na escola, e tras moitas tardes de caligrafía intentando corrixir o meu natural desordenado e romántico, debuxei con xiz o meu primeiro corazón, todo un poema. Proseguín de rapaz acneico botando botellas ao mar con mensaxes cifradas, pequenos poemas que abandonaba nos bancos da Alameda de Compostela a xeito de book-crossing anticipativo, escribindo lindas cartas (eles dixeron che) a amigos e relacións. Logo, xa mozo, chegaron as madrugadas interminábeis tecleando con rabia unha Underwood que o avó trouxera do Uruguai, facendo copias en papel carbón, presentándome a concursos que non gañaba ou que si (hoxe esquecidos aqueles textos na brétema dos arquivos con prosas impublicadas e segredas). Houbo gran período ágrafo, abraiado pola potencia dos que me precederan no empeño, e un bo día comezou un tempo no que ditei textos en alta voz para corrixilos eu logo nas longas tardes de verán baixo o emparrado da casa matriz da Porta dos Mariños. Outras, nas que paseando por Londres ou París, por Ejsberg ou Cuxhaven, utilicei unha gravadora de fitas de K7. Despois chegou o ordenador dos amigos, e, xa logo, cos primeiros salarios importantes, merquei un portátil Toshiba de ecrán de cristal líquido e peso excesivo. Durou ata que o tempo o apagou para sempre logo de dez anos de relacións difíciles, levándose na súa memoria de Alzheimer informático non poucos ensaios e proxectos. Agora, recuperado de tan sentida perda, continúo escribindo a man, nunhas librettiñas italianas de 96 páxinas tamaño postal¹, e, xa logo, paso os textos no ordenador IBM que de terceira ou carta man lle merquei a Nguyen, corrijo a bolígrafo BIC sobre papel Xerox², reescribo n veces n, e así ata que me sinto satisfeito, de xeito que a

semellanza entre o resultado final e o proxecto inicial é, as máis das veces, ben cativa. Esquecín dicir que ás veces escribo tamén sobre os napos de papel dos restaurantes, sobre os pousavaso de cartón das cervexarías, nas marxes do xornal de cada día, nos tickets do supermercado, no reverso de noticias imprimidas das edicións dixitais dos xornais galegos, nas páxinas do libro que estou a ler nese momento de necesidade, etc. Un día mesmo –mozo aínda– escribín no aire dunha illa a verba máis fermosa que pronunciarse poida.

4. **Cando?** O cando non ten moito segredo pois articúlase en varias locucións verbais: cando podo, cando quero, cando teño o día e cando me deixan. Traballo noutra cousa (acrediten que isto de escribir en linguas minoritarias non dá para vivir) que é o que se podería denominar traballo alimenticio. Daquela restan as fins de semana, as festas de gardar, as vacacións e o tempo que un lle vai rabuñando ao día a día para escribir todos os seráns do mundo. Este cando, condiciona, por tanto, outras condicións da miña escrita, coma por exemplo o “como” e o “onde”.
5. **Onde?** Hai colegas que adoitan falar das condicións absolutamente necesarias para o seu recollemento creativo, e non serei eu quen non lles dea razón. Cadaquén ten as súas teimas e eu o primeiro. Escribo nos barcos, nos avións, nos trens, nos aeroportos e nas distintas estacións de comunicacións, nos taxis, nos hoteis nos que deixo caer os meus ósos de familia de reumáticos, nas cafetarias das cidades e dos pobos que visito, na casa dos amigos que me acollen con xenerosidade e agarimo, nos xardíns botánicos, nos bancos dos parques, nas praias nudistas³, no medio dos piñeirais e nas carballeiras máis queridas; nos zoolóxicos, nas rúas molladas, nas paisaxes montesías de todas as Fisterras visitadas, nas illas e lagoas, na horta dos meus ancestros e, de cando en cando tamén, no

¹ As Moleskine son un encordio, ou demasiado grandes, e daquela non caben nos petos, ou moi pequenas, e daquela non dan xeito para apegar nas súas páxinas postais, ou fotos, ou afiches despregábeis, ou etiquetas ou soños; ademais escribir nos mesmos cadernos que Bruce Chatwin ou Ernest Hemingway -como relixiosamente fan algúns benqueridos colegas- non vai facer que un escriba coma eles, e mesmo non sei se é interesante escribir como a cadaquén se lle dea.

² Encántame facer publicidade, se cadra algún día chégame un agasallo por dicir que esta ou aquela son as miñas compañías aéreas favoritas, ou que o meu computador é X ou Z, ou que para saír me poño morado de Tónica Schwepss (probabelmente non se escribe así), que é un tónico cardíaco dos mellores e disque protexe da malaria.

³ Nas praias non nudistas, que sorprendentemente son as máis, é difícil escribir, pois un séntese permanentemente escandalizado polo comportamento da xente, polo seu xeito de agochar partes nobres do seu ser, pola obsesión no ocultamento, polo pésimo gusto na escolla de bañadores, que definitivamente non lles van coa cor dos ollos, coa estrutura ósea ou coa forma das orellas.

meu apartamento en Bruxelas ou na casa que temos en Vigo. Unhas veces acompañado e outras só, con música escollida ou coa ambiental, espido ou de mitóns es escarpíns de lá por mor de escorrentar a friaxe, certamente abraiado pola grandeza do mundo, ou triste coma un animal orfo que non atopase ninguén da súa estirpe con quen falar.

6. **Para que?** A pregunta non é mala e a resposta é sempre unha xustificación a posteriori (desconfíen daqueles que semella que teñen a vida programada dende que teñen uso de razón). Nos faladoiros adoito dicir que escribo para me aforrar o psicanalista, pero convirán comigo que isto é unha chisca dejá vu. Se dixera que para ordear as miñas ideas, que é outro xeito de dicir que o fago para ordear o meu mundo, o interno e o que me arrodea, ou para ser máis feliz, tamén serían respostas usadas. Todo isto é verdade, pero verdade tamén é que o fago para satisfacer o ego, para engrandecer o que doutro xeito sería unha vida menos interesante e, por suposto, para publicar, para me presentar diante do mundo como alguén que ten (ou que cando menos quere ter) algo que dicir. Se cadra tamén para abalar o futuro (potencial ou cinético, verdadeiro ou falso, realidade ou desexo) nesas os meus diarios anticipativos (contradición das contradicións).
7. **Para quen?** Desconfíen daqueles colegas escritores que din que eles non queren publicar, nin expoñerse, nin entregar algo de seu para compartir cos lectores. Mesmo os que temos, por escolla, ou circunstancia de estilo, un público limitado, escribimos para nós (narcisismo natural a toda manifestación artística) e para os outros (altruísmo tamén consubstancial a toda manifestación artística). Tamén, coma todos os meus colegas d'ailleurs, escribo por interese, pois como a todos eles (mente tamén o que

non o diga ou pretenda disimulalo) encantárame vivir do meu traballo creativo sen precisar dun traballo alimenticio alternativo (no meu caso funcionario, como Kafka ou Cortázar, de sorte desigual) nin escribir por encargo ou obriga cotiá (xornalista a tempo parcial, articulista a ditado ideolóxico, escritor bandeira de tal ou cal grupo de presión). Escribo para todos os que me queiran ler e para os que non teñen a mínima intención, para o presente e para o futuro, e mesmo para contentar aos ancestros, para aqueles que me queren e aqueles que me detestan (xa non son un neno, e sei de certo, que hai xente que me detesta, ás veces, supoño, que cargados das súas razóns respectivas), por suposto para ser traducido ás mil e unha linguas que no mundo son e as que foron e serán, para que a miña mensaxe se estenda como rego de pólvora, para me sentir, como todos os artistas convencidos, máis preto da explicación deste Universo que se espande.

Estas son as respostas ás sete preguntas capitais, e son, pois, as razóns da miña poética, do meu traballo artesán que non sabe de encargos nin ditados da moda ou dos mercados. Estas son, sen dúbida, as razóns do meu éxito limitado, da miña escasa proxección comercial, do meu minguado suceso editorial, do meu combate permenente cos números, circunstancias estas, por certo, que acompañan á meirande parte dos escritores do mundo, independentemente da lingua escollida. Estas son tamén as razóns do meu potencial de futuro, as da miña satisfacción interior, as da mutabilidade constante dos meus textos, as dunha paixón sen límites e sen aferrollamentos de débedas con tal ou cal grupo de poder ou opción política. Razóns que reforzan cada día o meu sentimento (se cadra inocente) de liberdade. Por elas persisto, acrediten, con teimosía sen límites precisos.

(Bruxelas, 31 de maio de 2005)